

Política de privacidade redes sociais

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD) e a Lei 34/2002, de 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e do Comercio Electrónico (LSSI-CE), FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA informa ós usuarios, que procedeu a crear un perfil na Rede Social LinkedIn, coa finalidade principal de publicitar os sus servizos.

Datos de FUNDACIÓN GALICIA EUROPA:

G15140023

Rúa do Hórreo, nº 61, 3ª Planta, 15701, Santiago de Compostela (A Coruña)

O usuario dispón dun perfil na mesma Rede Social e decidiu unirse á páxina creada por FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA, mostrando así interese na información que se publicite na Rede. Ó unirse á nosa páxina, facilítanos o seu consentimento para o tratamento de aqueles datos persoais publicados no seu perfil.

O usuario pode acceder en todo momento ás políticas de privacidade da propia Rede Social, así como configurar o seu perfil para garantir a súa privacidade.

FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA ten acceso e trata aquela información pública do usuario, en especial, o seu nome de contacto. Estes datos, só son empregados dentro da propia Rede Social. Non son incorporados a ningún ficheiro.

En relación ós dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos que vostede dispón e que poden ser exercitados ante FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA, de acordo coa LOPD, debe ter en conta os seguintes matices:

- Acceso: Virá definido pola funcionalidade da Rede Social e a capacidade de acceso á información dos perfís dos usuarios.
- Rectificación: Só poderá satisfacerse en relación a aquela información que se atope baixo o control de FUNDACIÓN GALICIA EUROPA.
- Cancelación e/ou Oposición: Coma no caso anterior, só poderá satisfacerse en relación a aquela información que se atope baixo o control de FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA.

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA realizará as seguintes actuacións:

- Acceso á información pública do perfil.
- Publicación no perfil do usuario de toda aquela información xa publicada na páxina de FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA.
- Enviar mensaxes persoais e individuais a través das canles da Rede Social.
- Actualizacións do Estado da páxina que se publicarán no perfil do usuario.

O usuario sempre pode controlar as súas conexións, eliminar os contidos que deixen de interesarlle e restrinxir con quen comparte as súas conexións, para isto deberá acceder á súa configuración de privacidade.

Publicacións

O usuario, unha vez unido á páxina de FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA, poderá publicar nesta última comentarios, enlaces, imaxes ou fotografías e calquer outro tipo de contido multimedia soportado pola Rede Social. O usuario, en tódolos casos, debe ser o titular dos mesmos, gozar dos dereitos de autor e de propiedade intelectual ou contar co consentimento dos terceiros afectados. Prohíbese expresamente calquera publicación na páxina, xa sean textos, gráficos, fotografías, vídeos, etc. que atenten ou sexan susceptibles de atentar contra a moral, a ética, o bo gusto ou o decoro, e/ou que infrinxan, violen ou quebranten os dereitos de propiedade intelectual ou industrial, o derecho á propia imaxe ou ó ordenamento xurídico español. Nestos casos, FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA resérvase o dereito a retirar de inmediato o contido, podendo solicitar o bloqueo permanente do usuario.

FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA non se fará responsable dos contidos que libremente publicara un usuario.